

La escritora Soledad García presenta “O Barco do Nadal”, en el Multiusos de Sabarís

Por Redacción - 05/03/2026



O multiusos de Sabarís acollerá este venres, 6 de marzo, ás 18:00 horas, a presentación de O Barco do Nadal, a obra número 23 da escritora Soledad García. A cita literaria, de entrada libre ata completar aforo, celebrárase tres días despois do Día Internacional das Escritoras e Escritores, nun contexto que pon en valor a creación cultural e o compromiso social.

Con esta nova publicación, a autora continúa ampliando o seu proxecto Emocionaria, un espazo literario onde as emocións, os valores, a natureza e conciencia social dialogan en cada historia. Ao longo dos seus 23 títulos, Soledad García foi tecendo unha proposta coherente e sensible, dirixido tanto ao público infantil como adulto.

O Barco do Nadal é un álbum ilustrado en formato audiolibro creado a prol da asociación Aire de Mar. A iniciativa ten como obxectivo apoiar a súa campaña solidaria para que nenas e nenos con enfermidades oncolóxicas ou raras poidan desfrutar de travesías no mar, coñecer as Illas Cíes e vivir a experiencia do Barco do Nadal.

Según explica a propia escritora: “O Barco do Nadal está inspirado na vida de Conchi Estévez, coñecida como a muller de sangue branco, fundadora de Aire de Mar. A súa historia é un exemplo de forza e superación. Con este libro quixen transmitir esperanza e poñer en valor a valentía das e dos pequenos grandes guerreiros que cada día loitan contra a súa enfermidade a través de Coralina, unha tartaruguiña moi especial”.

Durante o acto, Soledad García interpretará ademais “A canción das guerreiras e guerreiros”, incluída na obra, nunha presentación que combinará literatura, música e solidariedade.